



"AS MELLORAS NA COMUNICACIÓN, A TRAZABILIDADE E A COMERCIALIZACIÓN SON CLAVES PARA INCREMENTAR A RENTABILIDADE"

Arturo González Presidente da OPP Noia 95

Falamos con **Arturo González**, presidente da **Organización de Produtores Pesqueiros OPP-95 de Noia**, para coñecer de primeira man os obxectivos desta entidade que traballa xunto á confraría para poñer en valor o berberecho e mellorar o futuro do marisqueo na ría. A trazabilidade, a promoción e a defensa do produto son os piares do seu labor.

-Con que obxectivo se crea a OPP-95 de Noia e que representa para o sector?

-A OPP é unha entidade que nace para cumprir os obxectivos europeos da OCM e colaborar coa Confraría. Permite acceder a fondos europeos aos que a Confraría, pola súa natureza xurídica, non podía optar. Con eses fondos, podemos poñer en valor o noso produto, mellorar a comercialización e reforzar servizos para os socios.

A OPP debe realizar medidas de produción, de fomento da trazabilidade e de vixilancia dos bancos marisqueiros, o que resulta esencial nun momento no que a produción e os ingresos baixan, permitindo manter e mesmo ampliar servizos.

-Un dos eixos principais da OPP-95 é a trazabilidade. Que significa este concepto no día a día do traballo dos mariscadores e por que é tan importante?

-A trazabilidade é fundamental porque garante que o noso berberecho é único, que vén da ría de Noia e que cumpre as condicións sanitarias e ambientais máis estritas. Asegura unhas características de sabor e calidade inigualables. É o que nos diferencia e o que dá valor ao traballo

de cada mariscador.

-Que ferramentas desenvolveu a OPP para garantila?

-En primeiro lugar, apostamos pola cría propia: unha Estación para a recuperación de especies mariñas que xera semente autóctona, evitando introducir sementes alleas que poidan traer enfermidades que afecten ao marisco. Iso garante a orixe e o futuro do noso berberecho.

Tamén estamos traballando na consolidación da marca Berberecho de Noia, un selo que identifica o produto e lle ofrece ao consumidor total confianza sobre a súa procedencia. Queremos que cada vez máis conserveiras se adhiran a esta marca, para asegurar que o que se vende como berberecho de Noia sexa realmente produto de Noia, e que a xente cando vai a unha praza ou a un supermercado pida expresamente Berberecho de Noia. Todo isto redonda nun maior valor e rendibilidade para os mariscadores.

-En que outras liñas está a traballar a OPP para mellorar a actividade e o futuro do sector?

-Estamos a impulsar novas vías de comercialización e mellorando a comunicación con clientes, tanto finais como intermediarios. Queremos dar a coñecer máis e mellor o

noso produto, aumentar a demanda e, con iso, o prezo e a rendibilidade.

Tamén traballamos na promoción do berberecho, na modernización da web e das redes sociais, e nun estudo de novos mercados en Madrid, Levante e País Vasco.

Outra liña importante é a vixilancia dos bancos: financiamos parte dos custos do persoal e dotámonos de drons e visores nocturnos para loitar contra o furtivismo e protexer o recurso.

-Que mensaxe lle gustaría transmitir aos socios e mariscadores sobre o camiño que estamos a construír xuntos?

-Aínda queda moito por facer e temos que traballar xuntos. Imos abrir un buzón de suxestións na web para recoller ideas e propostas, porque este proxecto constrúese entre todos.

Tamén debemos implicarnos na promoción da marca Berberecho de Noia: que cada un de nós sexa embaixador do produto, usando, por exemplo, as redes sociais da marca para destacar o bo que temos. Se o facemos xuntos, garantiremos o futuro do noso berberecho e o do marisqueo na ría de Noia.

A TRAZABILIDADE: O QUE PIDE EUROPA E O QUE DEPENDE DE NÓS

A Unión Europea quere que cada produto do mar poida seguirse dende a orixe ata o consumidor, e que toda a información que se dá sexa clara, verdadeira e comprobable. Isto garante que o cliente saiba que come, de onde vén e como se colleu, e axuda a diferenciar o noso berberecho fronte a outros produtos.



É obrigatorio indicar a denominación comercial e científica, o método de produción (capturado ou criado), a zona de captura ou cría, a arte de pesca e se o produto foi desconxelado. Ademais, a normativa de control pesqueiro require unha trazabilidade interna: identificación de lotes, datas, orixe e movementos do produto.

A OPP95-Noia, co apoio do FEMPA e da Xunta de Galicia, traballa para que isto se cumpra e para que a rastrexabilidade se traduza en máis valor e rendibilidade para os mariscadores.

Cada mariscador pode contribuir: Respectando as **especies autóctonas**, os **topes** de captura, as **tallas mínimas**, usando as **artes de pesca** permitidas e vendendo o marisco só nas **lonxas habilitadas**.

Cando se venda ao consumidor final, a etiqueta e os soportes no punto de venda deben reflectir esta información. Cando se dirixa a canles HORECA ou transformación, os datos deben viaxar co produto.

Unha trazabilidade ben feita protexe o noso nome, evita sancións e dá confianza aos consumidores. Outras OPP xa demostraron que, cando o cliente ten información clara sobre a orixe e a arte de pesca, a venda acelérase, o prezo mellora e o acceso a canles premium é máis fácil.

« UN PLAN DE MÁRKETING PARA IMPULSAR O BERBERECHO DE NOIA »

@berberechodenoia

Berberecho de Noia

www.berberechodenoia.com

A OPP95-Noia acaba de poñer en marcha un **Plan de Márketing 360°** para contribuír á trazabilidade dos produtos de pesca e mellorar a información ao consumidor, de cara a posicionar e promocionar a marca Berberecho de Noia.

Trátase de un plan que inclúe accións de **información e divulgación** en diferentes campos. As primeira que se puxo en marcha foi a colocación de vallas de publicidade exterior en catro cidades galegas.

Tamén se está traballando nunha **nova web** máis completa e actualizada, e lanzáronse as **redes sociais oficiais** da marca Berberecho de Noia. Ambas son ferramentas clave para informar ao consumidor sobre a orixe, a zona de captura e as boas prácticas de produción do noso berberecho, reforzando así a confianza e a transparencia que esixe a Unión Europea.



Estas canles están orientadas a informar ao público, pero tamén son un espazo para que **todos os mariscadores poidan actuar como embaixadores da marca**, coñecendo os mensaxes clave e contribuíndo a transmitir unha imaxe positiva e coherente do Berberecho de Noia.

É importante lembrar que as redes e a web están enfocadas á promoción e difusión do produto. O seu obxectivo é **reforzar o valor do traballo conxunto**, achegar o Berberecho de Noia ao **consumidor final** e mellorar a rendibilidade de todos.

Canto mellor comuniquemos quen somos e o que facemos, **máis forte será a marca e máis valor terá o noso produto**.

O SELO QUE GARANTE A ORIXE E O VALOR DO NOSO BERBERECHO

O **selo "Berberecho de Noia. Pesca Artesanal. Rías Galegas"** é moito máis ca unha etiqueta: é a **garantía de orixe, calidade e trazabilidade** de cada berberecho que chega ao mercado

Esta marca colectiva, propiedade da **Confraría de Pescadores de Noia**, certifica que o produto foi **capturado artesanalmente na ría**, cumpre os **requisitos de control sanitario** e segue todos os pasos establecidos: desde a extracción ata a primeira venda, a depuración e a comercialización final.

Grazas a este sistema, cada lote pode **rastrexarse e verificarse**, o que ofrece confianza ao consumidor e **diferencia o berberecho de Noia fronte a outros produtos**. Ademais, o uso do selo está restrinxido a quen cumpra o regulamento e estea inscrito no Plan de Explotación vixente, garantindo así a transparencia e a seguridade do proceso.

A marca de garantía **axuda a manter o prestixio do produto, mellorar a súa comercialización e reforzar o valor do traballo dos mariscadores**. Cada quilo de berberecho co selo é tamén unha mostra do noso compromiso conxunto pola calidade.

